

RELEVANCIA E IMPACTO DO ARTIGO 7 DA CARTA EUROPEA PARA AS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS E A SÚA REPERCUSIÓN NAS LINGUAS DO ESTADO ESPAÑOL

Fernando Ramallo*

Resumo

O artigo 7 da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias (Consello de Europa) constitúe un marco lexislativo de extraordinario potencial para a protección e a promoción de todas as linguas minoritarias (mesmo as non europeas), nomeadamente daquelas máis vulnerábeis, que, a miúdo, carecen dunha lexislación doméstica básica orientada a contribuír ao seu fortalecemento. Neste achega ofrecemos unha descrición valorativa dos aspectos máis salientábeis deste artigo, cunha breve reflexión sobre a súa repercusión nas linguas minoritarias do Estado español só cubertas polo citado artigo.

Palabras clave: Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias; linguas minoritarias; dereitos lingüísticos.

RELEVANCE AND IMPACT OF ARTICLE 7 OF THE EUROPEAN CHARTER FOR REGIONAL OR MINORITY LANGUAGES AND ITS IMPLICATIONS FOR THE LANGUAGES OF SPAIN

Abstract

Article 7 of the European Charter for Regional or Minority Languages (Council of Europe) provides an extraordinary, powerful, legislative framework for the protection and promotion of all minority languages (including non-European), particularly the most vulnerable, which often lack basic national legislation aimed at strengthening them. In this work, we offer a value-based description of the most salient aspects of this article, with a brief reflection on its impact on the minority languages of Spain covered only by the same.

Keywords: European Charter for Regional or Minority Languages; minority languages; language right.

* Fernando Ramallo, profesor titular, Departamento de Tradución e Lingüística, Universidade de Vigo, framallo@uvigo.es.

Artigo recibido: 01.03.2018. Avaliación cega: 14.03.2018. Data de aceptación da versión final: 10.05.2018.

Citación recomendada: RAMALLO, Fernando. «Relevancia e impacto do artigo 7 da Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias e a súa repercusión nas linguas do Estado español». *Revista de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, núm. 69 (xuño 2018), pp. 28-51, DOI: [10.2436/rld.i69.2018.3116](https://doi.org/10.2436/rld.i69.2018.3116).

Sumario

1 Introducción

2 O artigo 7 como marco clave

3 Especificidades estatais

4 A nova interpretación do artigo 7 polo Comité de Expertos

5 O artigo 7 en España

Final

Referencias

Anexo 1. Avaliación do artigo 7 para o croata en Montenegro (4º ciclo, 2017)

Anexo 2. Conclusións do Foro de Debate sobre a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias

AMAZIGE EN MELILLA

ÁRABE CEUTÍ

ARAGONÉS EN ARAGÓN

ASTURIANO EN ASTURIAS

CALÓ (ROMANÓ)

CATALÁN EN ARAGÓN

FALA EN ESTREMADURA

GALEGO EN ASTURIAS

GALEGO EN CASTELA E LEÓN

LEONÉS EN CASTELA E LEÓN

PORTUGUÉS EN ESTREMADURA

VALENCIANO EN MURCIA

1 Introducción

A Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias (en diante, a Carta) establece unha diferenza substancial entre a Parte II (artigo 7) e a Parte III (artigos 8 a 14), que determina o alcance das medidas de protección e de promoción aplicadas a unha determinada lingua. De acordo ao artigo 3, cando un Estado membro do Consello de Europa ratifica o instrumento debe especificar as linguas rexionais ou minoritarias —incluídas as oficiais con uso reducido na totalidade do Estado— ás que é de aplicación a Parte III e, asemade, ha indicar que compromisos concretos de entre os recollidos nesa Parte III son seleccionados para cada idioma rexional ou minoritario. Esta flexibilidade ten sido recoñecida como un dos principais logros da Carta, na medida en que permite modulacións, ritmos e estratexias de protección e de promoción acordes coa situación de partida de cada lingua tradicionalmente presente nun determinado Estado.¹ Así, unha análise comparativa dos instrumentos de ratificación dos 22 Estados nos que a Carta está en vigor e recoñecen linguas rexionais ou minoritarias cubertas pola Parte III, computo no que non entran Luxemburgo, Liechtenstein e Chipre, evidencia unha significativa variación entre Estados. Mentres que nalgúns casos o nivel de protección seleccionado é moi alto (por exemplo, Eslovenia, España, Finlandia ou Reino Unido) noutros é moderadamente baixo (por exemplo, Alemaña, Bosnia e Hercegovina, Hungría ou Ucraína). Agora ben, esta flexibilidade, entendida como unha liberdade para cada Estado á hora de elixir as linguas ás que aplica a Parte III, non pode ir contra dos principios da Carta. Así, segundo recolle o informe explicativo, no seu parágrafo 42, que un Estado prefira non aplicar a unha determinada lingua falada no seu territorio as disposicións da Parte III implica que os motivos desa exclusión “deben ser compatíbeis co espírito, os obxectivos e os principios da Carta”. Por razóns obvias, eses motivos raramente fanse explícitos.

Fronte a esta flexibilidade, a Parte II (artigo 7) atinxe obrigatoriamente a todas aquelas linguas consideradas rexionais ou minoritarias que se falen nun ou en varios territorios dun Estado (e tamén as linguas desterritorializadas), de acordo co artigo 2.1 da Carta, que a súa vez remite ao artigo 1. Isto converte ao artigo 7 da Carta no eixo determinante para comprender o alcance das políticas públicas orientadas á protección e a promoción das linguas socialmente minoritarias nun determinado estado. Este é a razón pola cal dito artigo se define como aquel que establece os “obxectivos e principios” que sintetizan o espírito da Carta e é arredor do que se artella a estrutura que recolle a Parte III. Xa que logo, dáse por feito que as partes deben basear as súas políticas e as súas prácticas nos obxectivos e principios sintetizados no artigo 7 (Nic Craith 2006). En definitiva, e en consonancia co informe explicativo, o artigo 7 “constitúe o marco necesario para a preservación das linguas rexionais ou minoritarias” (parágrafo 57).²

Seguindo Kloss (1971), desde unha óptica sociolingüística cómpre interpretar esa preservación tanto en termos de tolerancia (esfera privada ou non governamental) como de promoción (esfera pública):

Artigo 7.1

- a. Recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como expresión da riqueza cultural.
- b. Respecto da área xeográfica na que ten presenza cada lingua rexional ou minoritaria;
- c. Necesidade dunha acción resolta de fomento das linguas orientada a salvagardalas.
- d. Facilitar e/ou fomentar o emprego oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e privada.
- e. Mantemento e desenvolvemento de relacións tanto entre grupos que falan a mesma lingua como entre aqueles que falan linguas diferentes en distintos territorios do Estado.
- f. Provisión dos medios axeitados para o ensino e o estudo das linguas rexionais ou minoritarias nos diferentes niveis educativos.

¹ Para Dunbar (2008: 39), esta flexibilidade supón unha apertura á ambigüidade e, consecuentemente, a unha maior interpretación por parte do Comité de Expertos, particularmente pola “incredible diversity in the situations of the languages to which the charter potentially applies”.

² Para Agirreazkuenaga Zigorraga (2006: 114) estamos ante o “núcleo duro” da Carta. En parecidos termos hai que interpretar o “central credo” de Grin (2003: 62).

- g. Provisión dos medios necesarios para que non falantes que residan nos territorios nos que se falan linguas rexionais ou minoritarias poidan aprendelas.
- h. Promover estudos e investigación sobre estas linguas no ensino superior.
- i. Promover intercambios transnacionais entre persoas que falen a mesma lingua en dous ou máis Estados.

Artigo 7.2

Eliminación toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas respecto do uso dunha lingua rexional ou minoritaria co obxectivo de impedir ou pór en perigo o seu mantemento ou desenvolvemento. Toda acción a favor das linguas rexionais ou minoritarias non se considera un acto de discriminación cos falantes das linguas máis estendidas.

Artigo 7.3

Fomento da mutua comprensión entre todos os grupos lingüísticos do Estado. O respecto, a comprensión e a tolerancia cara ás linguas rexionais ou minoritarias han figurar entre os obxectivos da educación e dos medios de comunicación.

Artigo 7.4

Consideración das necesidades e os desexos expresados polos grupos que usan linguas rexionais e minoritarias á hora de definir as políticas lingüísticas públicas. Creación de órganos de asesoramento coa presenza de representantes das linguas rexionais ou minoritarias.

Artigo 7.5

Aplicación dos principios recollidos nos parágrafos 7.1 a 7.4 ás linguas non territoriais, desde a flexibilidade e o respecto ás tradicións e características dos grupos que usan estas linguas.

O artigo 7 é o único artigo sobre o que os Estados poden establecer reservas, tanto no momento da sinatura como na ratificación do tratado. Así o establece o artigo 21 da Carta. Agora ben, esas posíbeis reservas só poden ser feitas aos parágrafos 2 a 5, mais non ao parágrafo 1, que en si mesmo pode ser considerado un compendio da Carta ou, se se prefire, unha mini carta. Esta posibilidade de establecer reservas só foi contemplada por Croacia, que, tal como establece o seu instrumento de ratificación, non aplica o artigo 7.5, deixando as linguas non territoriais sen ningún tipo de protección. No caso de Croacia esas linguas son o alemán, o esloveno e o romaní. Na práctica, a situación é diferente, particularmente no caso do romaní. Dende os primeiros informes estatais recóllense medidas orientadas a protexer e a promover a lingua da comunidade rom, recoñecida como minoría nacional en Croacia. Por esa razón, no seu 4º informe, o Comité de Expertos solicitou ás autoridades croatas considerar a aplicación da Parte II da Carta ás linguas faladas pola citada comunidade (véxase ao respecto o parágrafo 86 do citado informe³). En 2013, as autoridades croatas informaron ao Consello de Europa da súa intención de revocar a reserva incluída no instrumento de ratificación, de conformidade co establecido no artigo 21.2. Así, o 5º informe estatal (2014) contén xa información relacionada coas tres linguas citadas, o que permitiu ao Comité de Expertos examinalas como linguas cubertas pola parte II, á espera da confirmación oficial da retirada da reserva relacionada co artigo 7.5.

2 O artigo 7 como marco clave

A importancia do artigo 7 enténdese mellor se temos en conta que para moitas linguas europeas, ao careceren de amparo na lexislación doméstica, este artigo supón o único marco legal para a súa protección e promoción. Isto atinxe especialmente ás denominadas linguas non territoriais, a miúdo nunha situación de extrema vulnerabilidade, mais tamén a numerosas linguas historicamente asentadas nun territorio concreto.

³ <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806d86e5>

Todos os parágrafos e subparágrafos do artigo 7 teñen a súa relevancia; porén, é razoábel establecer prioridades inescusábeis para todas as linguas protexidas exclusivamente por este artigo. Entre estas prioridades, destacamos o recollido en 7.1.a, 7.1.c, 7.1.d, 7.1.f, 7.1.g, 7.2, 7.4 e 7.5, que son nos que nos detemos a seguir.

Tomado en conxunto, o artigo 7.1 establece tres tipos de accións que precisan ser abordadas de xeito conxunto e estruturadas coherentemente: adoptar unha *política*, introducir unha *lexislación* e executar unha *praxe* (Woehrling, 2005: 106). A unidade entre as tres accións é fundamental. De pouco serve unha vontade política, sen unha lexislación, por moito que se constaten prácticas de apoio puntual. Asemade, legislar sen un desenvolvemento das medidas introducidas, sen propoñer unha dotación orzamentaria e sen executar o plan deseñado, pode resultar formalmente apropiado, mais funcionalmente baleiro. De feito, para o Comité de Expertos, as accións puntuais e illadas son insuficientes, na medida en que poucas veces achegan resultados satisfactorios. Certo é que, na práctica, as circunstancias económicas e políticas de cada momento histórico explican os avances —e os retrocesos— na protección e promoción das linguas rexionais e minoritarias, aspecto este ao que non é alleo o Comité de Expertos, que reconece ritmos e modulacións diferentes na consecución dos obxectivos recollidos no artigo 7. Agora ben, esas circunstancias nunca poden servir como xustificación para unha restrición —e mesmo un evidente abandono— dos compromisos adquiridos coa ratificación do instrumento.

O parágrafo 7.1.a fai referencia a unha cuestión básica que determina todo o resto: o recoñecemento da diversidade lingüística como unha riqueza cultural. A este respecto, cómpre ter en conta que o espírito da Carta é a defensa dun patrimonio cultural europeo ameazado; en moita menor medida, preocúpase polas minorías lingüísticas e os seus dereitos. Así, a Carta considera que promover as linguas rexionais ou minoritarias significa actuar sobre un elemento central da idiosincrasia europea. Aínda que este compromiso é normalmente respectado, o Comité de Expertos ten manifestado en diversas ocasións a súa preocupación ao respecto do seu incumprimento. As máis recentes destas ocasións refírense a Eslovenia e a España. No cuarto informe sobre Eslovenia (2014, p.10⁴) reclámase con urxencia o recoñecemento no sistema legislativo doméstico das linguas alemá, croata e serbia como expresión da riqueza cultural do país. No caso de España, o cuarto informe (2016⁵) fai unha referencia explícita á necesidade imperiosa de recoñecer o status do catalán e do aragonés como linguas tradicionalmente faladas en Aragón. Debemos lembrar que no período analizado nese cuarto informe (2010-2013), a lei vixente (Lei 3/2013), en consonancia co artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Aragón (2007), denominábase “de uso, protección y promoción de las lenguas y modalidades lingüísticas propias de Aragón”. A este respecto, no quinto informe estatal, remitido ao Consello de Europa en febreiro de 2018⁶, e que abrangue o período 2014-2016, faise referencia á modificación legislativa de 2016 que establece que

“El aragonés y el catalán de Aragón, en los que están incluidas sus variedades dialectales, son las lenguas y modalidades lingüísticas propias a que se refieren el artículo 7 del Estatuto de Autonomía de Aragón de 2007 y la Ley 3/2013, de 9 de mayo, de uso, protección y promoción de las lenguas y modalidades lingüísticas propias de Aragón.”⁷

Asemade, o artigo 7.1.a cómpre interpretalo como un elo clave para a superación do estigma que algunhas linguas teñen por falta de recoñecemento do seu status. Así acontece con variedades lingüísticas que carecen do recoñecemento como “linguas” e sobreviven subsumidas como “dialectos” de linguas oficiais. Unha análise lonxitudinal da aplicación da Carta evidencia algúns casos da superación de dito estigma (Hinton, Huss & Roche 2018: 4). Sirva como exemplo o kven en Noruega, considerado variedade do finés nos anos seguintes á ratificación do tratado e dende o ano 2005 aparece recoñecido “as a language in its own right after previously having considered as a Finnish dialect” (véxase o parágrafo 5 do 6º informe sobre Noruega⁸). Para Lane & Räisänen (2018), a Carta foi un factor fundamental neste recoñecemento polo seu impacto na transformación das políticas lingüísticas oficiais en Noruega.

4 <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806dba62>

5 <https://rm.coe.int/16806f0658>

6 <https://rm.coe.int/spainpr5-es-docx/1680788433>

7 Véxase López Susín (2015) sobre a polémica suscitada pola “infraprotección xurídica” das linguas en Aragón coa aprobación da Lei 3/2013.

8 <https://rm.coe.int/CoERMPublicCommonSearchServices/DisplayDCTMContent?documentId=09000016806db952>

Para o Comité de Expertos, baixo o parágrafo 7.1.c cómpre entender unha tripla obriga para os Estados (Woehrling, 2005: 112; Dunbar, 2012: 207): (i) a creación dun marco legal orientado á promoción e a protección das linguas rexionais ou minoritarias; (ii) o establecemento de organismos responsábeis para a promoción desas linguas e (iii) a provisión de recursos financeiros axeitados. Dito con outras palabras, non é concibíbel unha política lingüística sustentada en principios emancipadores fóra dunha acción decidida, denodada, estruturada e correctamente financiada a prol das linguas rexionais ou minoritarias. Dita acción atinxe a todas as administracións, estatais, rexionais e locais. Pois ben, esta é unha das principais eivas no que respecta ás linguas unicamente amparadas polo artigo 7. Ás veces, hai un certo marco legal, mais funcionalmente opaco por non contar cos recursos económicos axeitados. Os casos máis claros son Armenia, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Eslovenia, Montenegro ou Serbia. Máis preocupante é, se cadra, a inexistencia dun marco legal específico, como é o caso do kven en Noruega (malia o que acabamos de dicir), do alemán e o romaní na República Checa, do caraín e o crinchaque en Ucraína ou de linguas como o portugués e o galego en Castelá e León e en Extremadura, o leonés en Castelá e León, o valenciano en Murcia ou o árabe en Ceuta no caso do Estado español.

Pola súa banda, na interpretación do Comité de Expertos, o parágrafo 7.1.d fai referencia á promoción das linguas en ámbitos coincidentes –ou moi semellantes– aos cubertos polos artigos 8 a 13, isto é educación, xustiza, administración, medios de comunicación, actividades culturais e vida económica e social. Esta interpretación está plenamente xustificada se temos en conta que a expresión “vida pública”, que recolle explicitamente este parágrafo, aparece tamén no título da Parte III da carta. A este respecto, como sinala Woehrling (2005: 113) “all the sectors covered in Part III belong to ‘public life’”. Xa que logo, así entendido, este parágrafo é dunha relevancia clave para aquelas linguas rexionais ou minoritarias cubertas exclusivamente polo artigo 7 (véxase parágrafo 62 do informe explicativo). Na fase histórica actual, é inconcibíbel imaxinar o futuro das linguas rexionais ou minoritarias sen garantir a súa normalización social. Sen avances neste senso, a transmisión interxeracional e os usos na “vida privada”, aló onde aínda se manteñen, non son suficientes. Por razón obvias, no século XXI, xa non é válido o argumento de que durante séculos estas linguas se mantiveron grazas ao esforzo e o compromiso dos falantes e das familias. Considerar a política lingüística familiar como a fundamental solución para estes idiomas constitúe unha evidencia da perda da centralidade das políticas de arriba a abaixo e, asemade, favorece a construción dun suxeito lingüístico neoliberal e resiliente, que debe aprender a sobrevivir aceptando as circunstancias “naturais” de exclusión “social” da súa lingua. No fondo, é unha forma calculada e perversa de instrumentalizar o abandono sistemático no que transitan moitas linguas socialmente minoritarias europeas por parte das políticas públicas, tanto de responsabilidade estatal como rexional ou local.

De todos estes ámbitos da “vida pública”, poucas dúbidas hai de que o sistema educativo constitúe a trabe sobre a que pendura a viabilidade das linguas rexionais ou minoritarias. O seu desprazamento histórico deste ámbito foi a principal decisión política para artellar a súa minorización. Esta é a razón pola que o artigo 7.1.f supón un resorte de capital relevancia na dignificación das comunidades lingüísticas que se expresan en linguas rexionais ou minoritarias. Garantir o ensino e o estudo *nas* e *das* linguas en todos os niveis do sistema educativo é unha demanda histórica, non só co obxectivo da súa protección, senón, e de xeito máis relevante, no fortalecemento do dereito de todo neno e de toda nena a ser escolarizado na súa lingua. E isto, lonxe de estar superado, é unha das principais eivas na política lingüística por todos os recantos do mundo. Segundo a UNESCO (2016), o 40% da poboación mundial non ten acceso á educación nunha lingua que comprenda, coas consecuencias que isto ten no fortalecemento da discriminación, a inxustiza e a pobreza. O recomendábel é un mínimo de seis anos de educación na primeira lingua (Skutnabb-Kangas, 2017), o cal está moi lonxe de ser un feito para moitas e moitos falantes de linguas rexionais ou minoritarias europeas, mesmo nas linguas explicitamente protexidas pola Parte III da Carta.

O parágrafo 7.1.g, que ten como obxectivo “a provisión de medios que lles permitan aprender unha lingua rexional ou minoritaria aos non-falantes que residan na área en que se emprega esa lingua, de así o desexaren”, en aparencia de menor importancia, está chamado a ser unha oportunidade de primeira magnitude para moitas linguas minoritarias. En termos demográficos, a maioría das linguas minoritarias en Europa está nunha situación de perda poboacional, polo que, como acabamos de dicir, en moitas ocasións a transmisión interxeracional non é garantía suficiente para o seu mantemento. Ademais de robustecer a *reproducción* da lingua na familia, é fundamental mobilizar a súa *producción* coa incorporación de neofalantes, é dicir persoas

que aprenderon a lingua minoritaria fóra das relacións familiares e que son usuarios activos dela, ás veces como lingua de uso prioritario (Williams, 2005; Ramallo 2012). Na meirande parte dos casos, sen neofalantes o futuro das linguas minoritarias está moi comprometido (O'Rourke, Pujolar & Ramallo, 2015).

A relevancia do parágrafo 7.2 está relacionada coa necesidade de desprazar os prexuízos respecto ao mantemento e o uso das linguas minoritarias. A explícita consideración de que calquera acción favorecedora das linguas máis vulnerábeis non pode entenderse como unha discriminación contra a parte da sociedade que se expresa en linguas maioritarias supón un exemplo que lexitima a mobilización de esforzos e medidas concretas a prol da emancipación das linguas minoritarias, que, á súa vez, non poden resultar afectadas por medidas favorecedoras das linguas oficiais. Dito con outras palabras, as medidas a favor das linguas rexionais ou minoritarias susténtanse na aplicación do principio de igualdade, con todo o que iso significa (Woehrling 2008).

Pola súa banda, o parágrafo 7.4 aborda unha cuestión fundamental, pero moi poucas veces lograda na política lingüística de “arriba a abaixo” en tanto que tecnoloxía deseñada para o promoción –e tamén para o control– social. Aínda que as linguas non son de ninguén, cómpre ter en conta as necesidades e os desexos expresados polos grupos que tradicionalmente as falan nun determinado territorio. Porén, a intervención política adoita ser desenvolvida en abstracto, a partir dunha ficción sustentada nun suxeito irreal nun contexto idealizado. De aí o fracaso de moitas desas tecnoloxías. A Carta introduce esta disposición obrigatoria para todos os Estados nos que o tratado está en vigor; con todo, en moi poucas ocasións o resultado é satisfactorio, de acordo cos informes do Comité de Expertos.

Por último, o artigo 7.5 incide na aplicación das medidas recollidas nos parágrafos 1 a 4 ás linguas non territoriais⁹ (presentes en todos os Estados que ratificaron a Carta), tendo en conta a idiosincrasia destes idiomas e da súa poboación, marxinalizada, segregada e estigmatizada como ningún outro grupo en Europa, nomeadamente os rom. En parte, as dificultades para avanzar na súa protección están relacionadas coa falta dun estándar xeralmente aceptado que funcione como variedade lexitimada non só entre a poboación maioritaria senón tamén entre a propia poboación que fala estas linguas. No caso do romaní, cómpre lembrar dúas circunstancias aparentemente opostas. Dun lado, dos vinte cinco Estados que en 2018 ratificaron a Carta, dez non recoñecen o romaní como lingua minoritaria; doutra banda, seis Estados optaron por protexeren o romaní tamén baixo a Parte III da Carta (Halwachs, Klinge & Schrammel-Leber 2015).

3 Especificidades estatais

O instrumento de ratificación constitúe o compromiso de cada Estado co tratado, isto é, a aceptación das obrigas e a responsabilidade do seu cumprimento en todos os termos. Para iso, como xa comentamos, a ratificación debe facer explícita a relación de linguas rexionais ou minoritarias usadas no seu interior e as obrigas elixidas para cada unha delas. Na meirande parte dos casos, esa listaxe límitase ás linguas cubertas conxuntamente pola Parte II e pola Parte III. Con todo, nalgúns casos faise referencia explícita ao artigo 7. Os casos concretos son Alemaña, Austria, Eslovenia, España, Finlandia, Holanda e Ucraína. No caso de Alemaña, Austria e Holanda, a referencia ao artigo 7 recolle explicitamente as linguas cubertas por dito artigo no momento da ratificación, estean ou non protexidas pola parte III do tratado. Pola súa banda, o instrumento de ratificación de Eslovenia e de Finlandia establece que, de acordo co artigo 7.5, os parágrafos 1 a 4 do artigo 7 se aplican, *mutatis mutandis*, ao romaní e, no caso de Finlandia, tamén a outras linguas non territoriais. Respecto de Ucraína, o instrumento de ratificación indica que o artigo 7.5 non é de aplicación. Neste Estado, o romaní considerase unha lingua territorial falada fundamentalmente na Rutenia subcarpática.

O caso de España é diferente, na medida en que o instrumento inclúe unha cláusula adicional e final que establece que a todas as linguas rexionais ou minoritarias non oficiais, mais con protección estatutaria, aplicaranse todas as disposicións da Parte III da Carta que razoabelmente poidan aplicarse en consonancia cos obxectivos e principios plasmados no artigo 7. Na situación actual (2018), este é o caso do aragonés e do catalán en Aragón (artigo 7 do Estatuto de Autonomía), do asturiano en Asturias (artigo 4 do Estatuto de Autonomía), do leonés e do galego en Castela e León (artigos 5.2 e 5.3 do Estatuto de Autonomía

⁹ Para Halwachs, Klinge & Schrammel-Leber (2015: 37), nunha sociedade móbil como a actual, o criterio de territorialidade para definir as linguas minoritarias está moi cuestionado e constitúe un anacronismo.

respectivamente) e o portugués en Estremadura (artigo 71.f do Estatuto de Autonomía). Agora ben, para que isto poida ser efectivo, cómpre que o Estado español indique un mínimo de 35 parágrafos ou subparágrafos da Parte III para cada unha das linguas citadas, tal como establece o artigo 2.2. Como isto non se produciu ata agora, o Comité de Expertos non avalía esas linguas de acordo coas disposicións da Parte III da Carta, senón unicamente como linguas da Parte II tal como recolle o parágrafo 61 do seu primeiro informe (2005). Xa que logo, non é competencia do Comité de Expertos decidir que parágrafos e subparágrafos da Parte III se deben aplicar a linguas formalmente non cubertas polos artigos 8 a 14 da Carta.

Unha comparativa entre Estados pon en evidencia diferenzas relevantes no número de linguas protexidas exclusivamente pola Parte II da Carta (Táboa 1). A tipoloxía é variada. Por motivos diversos, non todos os Estados están recollidos na táboa. No caso de Bosnia e Hercegovina, Polonia e Dinamarca a razón é que todas as linguas rexionais ou minoritarias faladas neles están protexidas tamén pola Parte III, o que supón unha aposta moi loábel, sobre todo se temos en conta que as linguas protexidas en Bosnia e Hercegovina son 17 e en Polonia 14. O caso de Dinamarca é menos relevante, xa que ese Estado só recoñece o alemán como lingua rexional ou minoritaria. Tampouco aparecen Liechtenstein nin Luxemburgo xa que neles non hai linguas rexionais ou minoritarias, de acordo cos preceptos da Carta.

Táboa 1. Linguas protexidas unicamente polo artigo 7

Estado	Linguas (glotónimos utilizados nos informes do Comité de Expertos)* ¹⁰
Alemaña	baixo alemán (en Renania do Norte-Westphalia, Saxonia-Anhalt e Brandeburgo), romaní (excepto en Hesse)
Armenia	alemán e ucraíno
Austria	checo, eslovaco e romaní
Chipre	armenio e árabe chipriota maronita
Croacia	alemán, esloveno, istrio-romanés, romanés boyash e romaní
Eslovaquia	ruso, serbio e yiddish
Eslovenia	alemán, croata, romaní e serbio
España	amazige, árabe ceutí, aragonés, asturiano, caló, catalán (en Aragón), galego (Castela e León e Estremadura), galego-asturiano (Asturias), leonés, portugués (en Castela e León e Estremadura) e valenciano (en Murcia)
Finlandia	careliano, romaní, ruso, tátar e yiddish
Holanda	baixo alemán, limburgués, romaní e yiddish
Hungría	armenio, búlgaro, grego, polaco, ruteno e ucraíno
Montenegro	bosnio e croata
Noruega	finés, kven, romanés e romaní
Reino Unido	córnico, manés, scots (Escocia) e scots (Ulster)
República Checa	alemán, croata moravio, romaní
Romanía	albanés, armenio, grego, italiano, macedonio, polaco, romaní, ruteno, tátar e yiddish
Serbia	alemán, bunjecac, checo, macedonio e valaco
Suecia	romaní e yiddish
Suíza	alemán, francés e yenish
Ucraína	carain, crinchaque, romaní e ruteno

*10

10 Cómpre clarexar que o Comité de Expertos utiliza os glotónimos incluídos nos informes remitidos polos Estados, sen entrar a valorar a súa pertinencia. Aínda que esta decisión non está exenta de ser problemática, non é infrecuente que un idioma teña máis dun autoglotónimo sen que iso supoña falar de idiomas diferentes.

En termos xerais, estas son as comunidades lingüísticas que se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade, con poucos falantes e, en moitos casos, cun futuro moi comprometido a curto prazo.¹¹ Trátase tanto de linguas territoriais coma de non territoriais. Sobre estas últimas, cómpre aclarar que malia que, en consonancia co artigo 7.5, a meirande parte dos Estados recoñecen estas linguas exclusivamente na Parte II, a Carta non establece ningún límite que impida que eses idiomas poidan beneficiarse dunha protección e promoción máis ambiciosa. De feito, como xa indicamos, este é o caso do romaní en Estados como Alemaña (en Hesse), Bosnia e Hercegovina, Eslovaquia, Hungría, Montenegro, Polonia ou Serbia, nos que tamén está cuberto pola parte III da Carta.

4 A nova interpretación do artigo 7 polo Comité de Expertos

Nos seus 20 anos dende que entrou en vigor, a interpretación da Carta por parte do Comité de Expertos foi mudando co paso do tempo, non tanto polos cambios na propia configuración do Comité, coa renovación progresiva dos seus membros, senón polo coñecemento, acceso e estudo dunha casuística sobre a diversidade lingüística europea cada vez maior. Hai tres cambios substanciais iniciados en 2017, dous xa executados e o terceiro en marcha. Por unha banda, cómpre sinalar a simplificación substancial dos informes, cun notorio cambio estrutural orientado a facelos máis lexíbeis, máis accesíbeis a públicos diversos, e, sobre todo, e máis útiles e produtivos, particularmente coa eliminación de boa parte da redundancia argumentativa que estruturou boa parte dos informes ata agora¹². Por redundancia argumentativa referímonos a que ata 2017 o Comité de Expertos elaboraba a súa interpretación tendo en conta as conclusións recollidas en informes anteriores, cunha repetición de parágrafos con frecuencia excesiva. Isto queda diluído co novo formato. Por outra banda, desde ese mesmo ano, o Comité abre unha reflexión (aínda vixente) sobre a súa estratexia analítica e avaliativa do artigo 7, como veremos a continuación. Por último, nestes momentos (2018), continúa en elaboración un novo enfoque sobre a interpretación do artigo 11 (medios de comunicación) tendo en conta os substanciais cambios acontecidos neste ámbito nas dúas últimas décadas, sobre todo coa aparición e expansión masiva de medios dixitais e redes sociais.

No que atinxe ao artigo 7, prodúcese un cambio de enorme transcendencia e que debe ser analizado nos vindeiros anos coa atención que merece. Ata agora, o Comité de Expertos establecía unha diferenza na forma de avaliar a Parte II da Carta (artigo 7) e a parte III (artigos 8 a 14). A modo de resumo, unha simple aproximación a calquera dos informes do Comité de Expertos evidencia, na Parte III, unha estratexia narrativa común, na que se inclúe unha valoración final de cada compromiso adquirido polo Estado. Esa valoración presenta catro posibilidades: “cumprido”, “cumprido parcialmente”, “cumprido formalmente”, “non cumprido”. Polo xeral, esta conclusión está explicitamente recollida, normalmente no último parágrafo da avaliación de cada compromiso. Porén, tamén son numerosos os casos nos que o Comité de Expertos manifesta a súa dificultade para acadar unha conclusión. Nese casos, contemplase tamén a posibilidade “sen conclusión”, cunha ampla variedade de estratexias discursivas para xustificar esa non conclusión. Pois ben, fronte a isto, ata o de agora, o artigo 7 non contemplaba conclusións coma as sinaladas senón unha liña argumentativa que, non poucas veces, deixaba aberta a posición do propio Comité. A partir de 2017, a estratexia discursiva unifícase e todos os artigos da Parte II e da Parte III pasan a analizárense dun xeito semellante, cunha táboa que recolle o abano de conclusións que acabamos de sinalar. Sirva como exemplo, a avaliación do cumprimento dos compromisos relativos ao croata en Montenegro, que recollemos no anexo I. Este cambio analítico e interpretativo está chamado a favorecer a visibilidade das linguas exclusivamente cubertas pola Parte II, con especial fincapé en facilitar ás persoas destinatarias finais dos informes elaborados polo Comité de Expertos a comprensión das fortalezas e das debilidades que caracterizan as linguas rexionais ou minoritarias. Ademais, a nova táboa concibiuse e deseñouse para permitir unha máis rápida e clara comparación dos avances e dos retrocesos polos que transitan estes idiomas, a través dun código con tres claves: un signo igual “=” cuxo significado é que non hai cambios na interpretación do Comité de Expertos

11 Unha valoración exhaustiva da posición do Comité de Expertos a respecto da situación destas linguas requiriría unha análise detallada que excede o alcance desta contribución (véxase Dunbar 2012).

12 Téñase en conta que o artigo 6 establece que as partes comprométense a informar dos dereitos e deberes establecidos pola Carta a todas as persoas, organizacións e autoridades afectadas pola mesma. Nunha interpretación ampla, esta obriga atinxe tamén á diseminación dos informes do Comité de Expertos, escasamente coñecidos fóra de certos grupos sociais. Agora ben, para contribuír a que os informes sexan accesíbeis entre a poboación afectada, é responsabilidade de dito Comité elaborar informes tecnicamente menos elitistas.

respecto ao informe previo; unha frecha ascendente “ ↗ ” para significar unha mellora respecto do ciclo anterior; e unha frecha descendente “ ↘ ” para explicitar un deterioro.

Este cambio na forma de abordar o cumprimento dos compromisos do artigo 7 non está exento de discusión, polo menos en dous sentidos. En primeiro lugar, o artigo 7 precisamente por abordar obxectivos e principios, susténtase nun nivel de xeneralidade ausente na meirande parte dos parágrafos e subparágrafos dos artigos 8 a 14. Con frecuencia, isto suporá unha maior interpretación por parte do Comité de Expertos. En segundo lugar, a partir deste cambio faise máis obvia a coherencia interpretativa entre as Partes II e III da Carta para as linguas protexidas polas dúas partes. Por exemplo, o artigo 7.1.d ten certo nivel de solapamento con boa parte do recollido na Parte III, de tal xeito que entender que ese compromiso está cumprido significa que unha boa parte dos compromisos recollidos nos artigos 8 a 14 ha ter unha valoración favorábel, o que está lonxe de ser real en moitas das linguas cubertas pola Carta. Algo semellante acontece co artigo 7.1.f respecto do artigo 8, ambos dedicados a garantir o uso das linguas no sistema educativo, pero con diferentes graos de concreción.

5 O artigo 7 en España

Coa ratificación do tratado por parte do Estado español en 2001¹³, introdúcese unha xerarquía entre as linguas faladas no territorio estatal, o que supón unha discriminación, ou, se se prefire, unha nova forma de minorización. Por decisión estatal, algunhas linguas quedan cubertas tanto pola Parte II como pola Parte III e outras só pola Parte II. Ademais, dáse a especificidade de que unha mesma lingua ten status diferenciado en diferentes territorios. É o que acontece co catalán, co galego e co éuscaro. No primeiro caso, con completa cobertura en Cataluña, Illas Baleares e País Valenciano e incompleta en Aragón e Murcia; no segundo, con completa cobertura en Galicia e incompleta nos territorios estremeiros de Castelá e León e Asturias e en Estremadura. O caso do éuscaro é diferente, na medida en que a cobertura é total no País Vasco, mentres que na Comunidade Foral de Navarra, excepcionalmente, se dá o caso da lingua ter status diferentes en función do territorio, cunha cobertura completa na denominada zona-vascófona e incompleta na zona mixta, na que o éuscaro non é oficial e que só está cuberta pola Parte II da Carta.¹⁴ Dita “zonificación lingüística”, recollida no artigo 9.1 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Foral de Navarra e na lexislación lingüística posterior, representa unha forma de naturalizar un *statu quo* desigual, contradictorio e conflitivo que debe ser superado (véxase Izu Belloso 2013).

Excepcionalmente, o instrumento de ratificación de España é o único, de entre todos nos que está vixente a Carta, que non identifica explicitamente ningún idioma. Isto non atinxe ao artigo 7, en tanto que unha vez que o tratado entra en vigor, todas as linguas rexionais ou minoritarias tradicionalmente usadas en territorio estatal quedan automaticamente protexidas por este artigo, como sinalamos anteriormente. Agora ben, esta decisión resulta controvertida na medida en que o artigo 3.1 da Carta establece a obriga de que cada Estado especifique no instrumento de ratificación “cada lingua rexional ou minoritaria ou cada lingua oficial menos difundida no conxunto ou nunha parte do seu territorio á cal se deberán aplicar os parágrafos elixidos de conformidade co parágrafo 2 do artigo 2”, isto é, as linguas cubertas conxuntamente polas Parte II e III.

¹³ Arzoz (2008) presenta unha boa aproximación ao “modelo lingüístico español” e a implementación da Carta.

¹⁴ Máis confusa é a situación na zona oficialmente non vascófona (aínda que cunha reducida porcentaxe da poboación que fala éuscaro), en parte porque o instrumento de ratificación non establece esta distinción entre zonas. A conclusión é que o alcance da Carta é indeterminado na Comunidade Foral de Navarra (Izu Belloso 2013: 373). O 4º Informe do Comité de Expertos (2016) fai referencia explícita as medidas adoptadas na zona vascófona e na zona mixta. A única aparición da zona non vascófona dá conta do recoñecemento que o Comité fai aos cambios introducidos na Lei Foral 4/2015 respecto do novo status que acada a zona non vascófona no eido da educación, semellante ao da zona mixta (parágrafo 250). Isto supón que, na práctica, se permite a introdución do modelo D, consistente no ensino do éuscaro como lingua vehicular agás na materia de Lingua castelá, nas escolas públicas na zona non vascófona, sempre que exista suficiente demanda.

*Linguas cubertas pola Carta*¹⁵

O artigo 7 aplícase a 11 linguas territoriais máis ao caló como lingua non territorial¹⁶. En total, estas linguas fálanse en once Comunidades Autónomas e nas dúas Cidades Autónomas (Táboa 2).

Táboa 2. Linguas minoritarias do Estado español

Lingua	Territorio	Nivel de protección
Amazige	Melilla	Parte II
Árabe ceutí	Ceuta	Parte II
Aragonés	Aragón	Parte II
Aranés	Cataluña	Parte II e Parte III
Asturiano	Asturias	Parte II
Caló	Todo o territorio	Parte II
Catalán	Aragón	Parte II
	Cataluña	Parte II e Parte III
	Illas Baleares	Parte II e Parte III
Éuscaro	Navarra	Parte II e Parte III (na zona vascófona)
	País Vasco	Parte II e Parte III
Galego	Asturias (denominado como galego-asturiano nos informes do Consello de Europa)	Parte II
	Galicia	Parte II e Parte III
	Castela e León	Parte II
	Estremadura (coñecido como <i>fala</i>)	Parte II
Leonés	Castela e León	Parte II
Portugués	Castela e León	Parte II
	Estremadura	Parte II
Valenciano	Murcia	Parte II
	País Valenciano	Parte II e Parte III

Como é ben coñecido, a situación sociolingüística de cada unha destas linguas está lonxe de ser esperanzadora, en particular das que só están protexidas pola Parte II, e dentro destas aquelas que non teñen ningún tipo de recoñecemento estatutario (Ramallo 2018). Na súa monitorización do cumprimento das obrigas por parte do Estado español, o Comité de Expertos ten manifestado reiteradamente a súa preocupación sobre a realidade das linguas minoritarias en España, nomeadamente aquelas cubertas só pola Parte II. A seguir, recolleemos unha síntese das avaliacións máis relevantes do Cuarto Informe (2016) do citado comité no que respecta ás linguas unicamente cubertas polo artigo 7. Ademais, no anexo 2 recolleemos parte das conclusións do Foro de Debate sobre a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias que tivo lugar en xuño de 2017 en Santiago de Compostela.¹⁷

15 Somos conscientes de que persisten algúns problemas relacionados coa identificación das linguas en diferentes subfamilias, ramas e/ou troncos, particularmente cando se trata de idiomas cunha notoria proximidade estrutural, como é o caso das linguas románicas na Península Ibérica. Os desacordos no mundo académico son puntuais, pero persistentes. A este respecto, tal como recolleemos na nota ao pé número 2, na descrición que presentamos optamos pola agrupación recollida nos informes do Comité de Expertos, non exentos, por outro lado, de decisións polémicas a este respecto (véxase Castellà-Subirats & Strubell 2008; Ruiz Vieytez 2009).

16 Na actualidade, o caló compre enténdelo como unha variedade mixta pararromaní, con estruturas fonolóxicas e gramaticais do castelán (caló español), do catalán (caló català) o do vasco (errumantxela) e con numerosos elementos léxicos e algúns trazos morfolóxicos do romaní (Gamella *et. al* 2011; Krinková 2015).

17 Organizado polo Consello da Cultura Galega, o Foro, que contou coa colaboración do Consello de Europa, convocou por primeira vez representantes de todas as linguas minoritarias cubertas pola Carta así como a responsábeis do propio Consello da Cultura Galega, do Institut Ramon Llull e do Instituto Vasco Etxepare. Logo de dúas xornadas de intenso debate e reflexión conxunta, as persoas participantes elaboraron unhas conclusións comúns, que se fixeron públicas a comezos de 2018 en galego, catalán, éuscaro

No Cuarto Informe recóllese como prioritario ter datos estatísticos sobre o número de falantes e, asemade, sobre a distribución xeográfica na que as linguas só cubertas polo artigo 7 se usan. Isto supón asumir que falta un coñecemento elemental que poida ser válido como punto de partida para abordar o presente e o futuro destes idiomas. As estatísticas non resolven nada por si mesmas, pero, acotío, son usadas como ferramentas “útiles” na construción dun imaxinario sobre as linguas e os falantes, que adoita ter certa proxección e repercusión social. Por iso, reclamamos a elaboración dun estudo que poña enriba da mesa cuantificacións fiables sobre estas linguas. Nun Estado plurilingüe, cunha Constitución que, no seu artigo 3.3, apela significativamente á “riqueza das diferentes modalidades lingüísticas de España” como un “patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”, entendemos que se trata dunha responsabilidade do goberno central, á espera de que se produzan avances no recoñecemento estatutario da oficialidade das linguas que aínda non gozan deste nivel de protección, como establece o artigo 3.2 da Constitución española.¹⁸

Mesmo entre as linguas só cubertas pola Parte II, para o Comité de Expertos recoñécense diferenzas evidentes. Así, bótase en falta “unha protección suficiente das linguas máis ameazadas”, nomeadamente o árabe ceutí, o portugués en Estremadura, o leonés en Castelá e León, o galego en Estremadura e o valenciano en Murcia, linguas e territorios nos que a regulamentación xurídica doméstica é practicamente inexistente. En todos estes casos, é urxente planificar e poñer en marcha políticas públicas orientadas innegabelmente a superar a situación de vulneración de dereitos lingüísticos básicos (véxase García Gil 2008; Além Guadiana 2013; Núñez Martínez 2013; Montoya 2014; Moscoso 2015).

Polo dito, cómpre unha acción inescusábel, orientada, planificada e executada cara ao cumprimento dos compromisos da Carta por parte do Estado español no artigo 7. A este respecto, é moi significativa a última das recomendacións do Comité de Ministros (2016) dirixida ás autoridades españolas: “Considerar estender o recoñecemento daquelas linguas rexionais ou minoritarias cooficiais en seis Comunidades Autónomas a outras Comunidades Autónomas sempre que haxa un número suficiente de usuarios da lingua rexional ou minoritaria involucrada”. Isto atinxe especialmente ao catalán en Aragón, ao valenciano en Murcia, ao galego en Castela e León, Asturias (e en Estremadura). De acordo aos espíritos da Carta, no caso concreto de España, tendo en conta os antecedentes das linguas oficiais nos seus territorios, a oficialidade de todas as linguas unicamente cubertas polo artigo 7 debe ser o obxectivo prioritario.

Final

O patrimonio lingüístico europeo, en tanto que valor cultural de primeira magnitude, ten na Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa un instrumento de gran relevancia para a súa protección e promoción. Este tratado, que cumpre 20 anos dende a súa entrada en vigor en 1998, elaborouse tendo en conta que a meirande parte dese patrimonio está nunha situación realmente comprometida respecto ao seu futuro. Se cadra, hoxe aínda o está en maior medida que hai 20 anos.

Se a Carta é un texto clave para abordar con garantías o presente e o futuro inmediato da meirande parte das linguas europeas, o seu artigo 7 constitúe o miolo da cuestión, na medida en que recolle os principios e os obxectivos que deben prevalecer na salvagarda de toda lingua rexional ou minoritaria. Se ben é certo que se trata dun artigo en aparencia máis “lixeiro” en canto ao seu alcance e compromiso, na realidade é un artigo indispensábel, á vez unha síntese e asemade un compendio de toda a Carta, que ha aplicarse a todas as linguas rexionais ou minoritarias tradicionalmente presentes nun determinado territorio estatal, independentemente das preferencias das partes asinantes do tratado. Este carácter prioritario para o artigo 7, aumenta polos cambios acontecidos na súa interpretación por parte do Comité de Expertos a partir de 2017.

No caso do Estado español, é urxente poñer en marcha políticas lingüísticas que axuden a promover o uso das linguas minoritarias unicamente cubertas polo artigo 7 entre as comunidades nas que estas linguas sobreviviron ao longo dos séculos pasados. Por razóns evidentes, estamos nun momento clave para o desenvolvemento da lexislación lingüística naqueles territorios nos que apenas se deron pasos. Despois

e castelán. O programa e o resto da documentación, incluídas as conclusións ao completo e as gravacións audiovisuais do alí acontecido durante as dúas xornadas están accesíbeis en <http://consellodacultura.gal/evento.php?id=200581>.

¹⁸ A interpretación técnica do artigo 3.3 da CE non está exenta de controversia, particularmente sobre o réxime xurídico das “modalidades lingüísticas” fronte ás “outras linguas” ás que fai referencia o artigo 3.2 (véxase Vernet 2017).

de 17 anos dende a ratificación por parte do España da Carta, é difícil xustificar a falta de apoio de boa parte das linguas só cubertas polo artigo 7, precisamente aquelas máis necesitadas de medidas, accións e lexislación orientada á súa preservación. Non pode quedar todo en mans do activismo cívico e asociativo, que habitualmente conta con recursos moi limitados.

Referencias

- Agirreazkuenaga Zigorraga, Iñaki (2006). La Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias. A: José Manuel Pérez Fernández (coord.). *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas en España*. Barcelona: Atelier, 105-145.
- Além Guadiana (2013). *Muito Frágil*. Olivenza, Associação Cultural Além Guadiana.
- Arroz, Xabier (2008). The implementation of the European Charter for Regional or Minority Languages in Spain. A: Dunbar, Robert; Parry, Gwynedd (ed.). *The European Charter for Regional or Minority Languages: Legal Challenges and Opportunities* (p. 83-107). Strasbourg: Council of Europe.
- Castellà-Subirats, Santiago-José; Strubell, Miquel (2008). The Catalan language and monitoring the European Charter for Regional or Minority Languages in Spain. A: Dunbar, Robert; Parry, Gwynedd (ed.). *The European Charter for Regional or Minority Languages: Legal Challenges and Opportunities* (p.127-146). Strasbourg: Council of Europe.
- Dunbar, Robert (2008). Definitively interpreting the European Charter for Regional or Minority Languages: the legal challenges. A: Dunbar, Robert; Parry, Gwynedd (ed.). *The European Charter for Regional or Minority Languages: Legal Challenges and Opportunities* (p. 37-61). Strasbourg: Council of Europe.
- Dunbar, Robert (2012). Article 7. Objectives and principles. A: Alba Nogueira López; Eduardo J. Ruiz Vieytez; Íñigo Urrutia Libarona (ed.). *Shaping language rights* (p. 185-244). Strasbourg: Council of Europe.
- Gamella, Juan F.; Fernández, Cayetano; Nieto, Magdalena; Adiego, Ignasi-Xavier (2011). La agonía de una lengua. Lo que queda del calor en el habla de los gitanos. Parte I. Métodos, fuentes y resultados generales, *Gazeta de Antropología* 27(2), 1–32.
- García Gil, Héctor (2008). *El asturiano-leonés: aspectos lingüísticos, sociolingüísticos y legislación*. Barcelona: Ciemen.
- Grin, François (2003). *Language policy evaluation and the European Charter for Regional or Minority Languages*. New York: Palgrave Macmillan.
- Halwachs, Dieter W.; Klinge, Simone; Schrammel-Leber, Barbara (2015). *Romani. Education, segregation and the European Charter for Regional or Minority Languages*. Graz: GLM.
- Hinton, Leanne; Huss, Leena; Roche, Gerald (ed.) (2018). *The Routledge handbook of language revitalization*. New York: Routledge.
- Izu Belloso, Miguel José (2013). *El régimen lingüístico de la Comunidad Foral de Navarra*. Donostia: Fundación para el Estudio del Derecho Histórico y Autonómico de Vasconia.
- Kloss, Heinz (1971). The language rights of immigrants groups. *International migration review*, 5/2, 250-268.
- Krinková, Zuzana (2015). *From Iberian Romani to Iberian Para-Romani Varieties*. Prague, Charles University.
- Lane, Pia; Räisänen, Anna-Kaisa (2018). Kven in Norway. A: Corinne A. Seals e Shenna Shah (ed.). *Heritage language policies around the world* (p. 69-83). New York: Routledge.
- López Susín, José Ignacio (2015). A Lai 3/2013, de 9 de mayo, u a infraproteución churidica de as luengas minoritarias d'Aragón. *Revista de Llengua i Dret*, 63, 186-199.

- Montoya, Brauli (2014). Reproducció primària de la llengua i sistema escolar al Carxe, un enclavament catalanoparlant en una regió castellanoparlant (Múrcia). A: Joan Argenter (ed.). *Enclavaments lingüístics i comunitats locals. El català a Sardenya, al Carxe i entre els gitanos catalans de França* (p. 187-208). Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.
- Moscoso García, Franciso (2015). El árabe ceutí, una lengua minorizada de España. *Revista de Estudios de Asia y África*, 50(2), 395-423.
- Nic Craith, Máiréad (2006). *Europe and the Politics of Language. Citizens, migrants and outsiders*. New York: Palgrave Macmillan.
- Núñez Martínez, María Acracia (2013). The protection of minority languages at the European level. *Revista de Derecho Político*, 87, 101-128.
- UNESCO (2016). *If you don't understand, how can you learn? Policy Paper 24*. Accesíbel en: <http://unesdoc.unesco.org/images/0024/002437/243713E.pdf>.
- O'Rourke, Bernadette; Pujolar, Joan; Ramallo, Fernando (2015). New speakers of minority languages: the challenging opportunity. *International Journal of the Sociology of Language*, (231), 1-20.
- Ramallo, Fernando (2012). El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción. *Caplletra*, (53), 167-191.
- Ramallo, Fernando (2018). Linguistic diversity in Spain. A: Wendy Ayres-Bennett e Janice Carruthers (ed.). *Manual of Romance Sociolinguistics* (p. 454-485). Berlin: De Gruyter.
- Ruiz Vieytez, Eduardo J. (2009). Constitutions, languages, definitions and the European Charter for Regional or Minority Languages. *Revista de Llengua i Dret*, (51), 231-257.
- Skutnabb-Kangas, Tove (2017). Language rights and bilingual education. A: Ofelia García; Angel Lin, e Stephen May (ed). *Bilingual and Multilingual Education. Encyclopedia of Language and Education* (3rd ed., p. 51-63). Cham: Springer.
- Vernet, Jaume (2017). El marc constitucional i estatutari del plurilingüisme. A: Anna M. Pla Boix (coord.). *Reptes del dret lingüístic català. Reflexions per a un debat crític* (p. 13-46). Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- Williams, Glyn (2005). *Sustaining Language Diversity in Europe. Evidence from the Euromosaic Project*. Basingstoke: Palgrave.
- Woehrling, Jean-Marie (2005). *The European Charter for regional or minority languages. A critical commentary*. Strasbourg: Council of Europe.
- Woehrling, Jean-Marie (2008). The European Charter for Regional or Minority Languages and the principle of non-discrimination. A: Dunbar, Robert; Parry, Gwyneed (ed.). *The European Charter for Regional or Minority Languages: Legal Challenges and Opportunities* (p. 63-81). Strasbourg: Council of Europe.

Anexo 1. Avaliación do artigo 7 para o croata en Montenegro (4º ciclo, 2017)

Symbols used to mark changes in the evaluation compared to the last monitoring cycle: ↗ improvement
↘ deterioration = no change

The Committee of Experts considers the undertaking*:						
Article	Undertakings of Montenegro concerning Croatian	fulfilled	partly fulfilled	formally fulfilled	not fulfilled	no conclusion
Part II of the Charter (Undertakings which the state must apply to all regional or minority languages within its territory)						
Art. 7 – Objectives and principles						
7.1.a	recognition of Croatian as an expression of cultural wealth	=				
7.1.b	ensure that existing or new administrative divisions do not constitute an obstacle to the promotion of Croatian	=				
7.1.c	resolute action to promote Croatian		=			
7.1.d	facilitation and/or encouragement of the use of Croatian, in speech and writing, in public life (education, judicial authorities, administrative authorities and public services, media, cultural activities and facilities, economic and social life, transfrontier exchanges) and private life		=			
7.1.e	<ul style="list-style-type: none"> • maintenance and development of links, in the fields covered by this Charter, between groups in the State using Croatian • establishment of cultural relations with other linguistic groups 	=				
7.1.f	provision of forms and means for the teaching and study of Croatian at all appropriate stages	=				
7.1.g	provision of facilities enabling (also adult) non-speakers of Croatian to learn it	=				
7.1.h	promotion of study and research on Croatian at universities or equivalent institutions		=			
7.1.i	promotion of transnational exchanges, in the fields covered by this Charter, for the benefit of Croatian				=	
7.2	eliminate any unjustified distinction, exclusion, restriction or preference relating to the use of Croatian	↗				

The Committee of Experts considers the undertaking*:						
Article	Undertakings of Montenegro concerning Croatian	fulfilled	partly fulfilled	formally fulfilled	not fulfilled	no conclusion
7.3	<ul style="list-style-type: none"> • promote mutual understanding between all the linguistic groups of the country • promote the inclusion of respect, understanding and tolerance in relation to Croatian among the objectives of education and training • encourage the mass media to include respect, understanding and tolerance in relation to Croatian among their objectives 		=			
7.4	<ul style="list-style-type: none"> • take into consideration the needs and wishes expressed by the group which uses Croatian • establish a body for the purpose of advising the authorities on all matters pertaining to Croatian 	=				

*** The Committee of Experts of the European Charter for Regional or Minority Languages evaluates the compliance of States Parties with their undertakings under the Charter as follows:**

Fulfilled: Policies, legislation and practice are in conformity with the Charter.

Partly fulfilled: Policies and legislation are wholly or partly in conformity with the Charter, but the undertaking is only partly implemented in practice.

Formally fulfilled: Policies and legislation are in conformity with the Charter, but there is no implementation in practice.

Not fulfilled: No action in policies, legislation and practice has been taken to implement the undertaking or the Committee of Experts has over several monitoring cycles not received any information on the implementation.

No conclusion: The Committee of Experts is not in a position to conclude on the fulfilment of the undertaking as no or insufficient information has been provided by the authorities.

Anexo 2. Conclusións do Foro de Debate sobre a Carta Europea para as Linguas Rexionais ou Minoritarias¹⁹

AMAZIGE EN MELILLA

- Na elaboración dos informes estatais, cómpre abordar todas as cuestións propostas polo Comité de Expertos encargado da monitorización do cumprimento dos compromisos adquiridos coa ratificación da Carta.
- A lingua amazige carece de visibilidade ou presenza institucional (xustiza, educación, sinalética, etc.). Xa que logo, é preciso lexitimala nos usos públicos.
- Melilla carece dunha organización especificamente encargada do seguimento da política lingüística.
- En Melilla adóitase recorrer á relixión como trazo identitario da poboación melillesa autóctona, de orixe norteafricana, identificándoa como «musulmá, o que provoca unha segregación/oposición «poboación europea, cristiá» vs «poboación musulmá». A asimilación, consciente ou inconsciente, dos musulmáns melilleses ao resto dos musulmáns ten efectos directos sobre as actitudes, os comportamentos e as lealdades institucionais ou internacionais. Por iso, recoméndase apostar sobre todo pola lingua amazige como marcador e como referencia identitaria no canto do islam.

ÁRABE CEUTÍ

- O árabe ceutí debería de contar cun recoñecemento no Estatuto de Autonomía de Ceuta. Esta lingua atópase nunha situación de minorización e perigo, dado o escaso, por non dicir nulo, interese da Administración española en xeral e ceutí en particular, que alenta e promove o monolingüismo militante, considerando o árabe ceutí como unha lingua de inmigrantes, non tradicional e vista como a lingua do inimigo, Marrocos. Por conseguinte, cómpre o cumprimento de todos os puntos do artigo 7 para a súa salvagarda.
- É preciso garantir a presenza do árabe ceutí nos medios de comunicación, na Administración e no sistema educativo.
- Debe crearse unha Academia do árabe ceutí cos seguintes obxectivos:
 - Constituír un comité de expertos que inicie a codificación e normalización desta lingua, seguindo o exemplo de propostas académicas feitas para outras linguas árabes nativas.
 - Promover o estudo do árabe ceutí entre os monolingües, no Instituto de Linguas, na Educación e na Administración.
 - Fomentar o estudo desta lingua no Departamento de árabe creado no Instituto de Estudos Ceutíes.
 - Concienciar a Facultad de Educación, Economía y Tecnología de Ceuta para que inclúa o seu estudo nos plans de estudos dos futuros profesores de primaria e secundaria.

ARAGONÉS EN ARAGÓN

- En Aragón comezáronse a dar pasos positivos para a lingua aragonesa a partir de 2015 coa creación da Dirección General de Política Lingüística. É necesario profundar nestes avances de forma constante nas seguintes lexislaturas, xa que a inacción institucional durante estes 25 anos resultou no incumprimento reiterado da Carta por parte do Goberno de Aragón e nunha perda constante de falantes patrimoniais.

¹⁹ Queremos agradecer ás seguintes persoas polas súas achegas ao Foro, en particular na elaboración destas conclusións: Mohand Tilmatine (Universidad de Cádiz), Francisco Moscoso (Universidad Autónoma de Madrid), Anchel Reyes (Seminario Aragonés de Sociolingüística), Carlos Pulgar García (Xunta pola Defensa de la Llingua Asturiana), Juan F. Gamella (Universidad de Granada), Javier Giralt Latorre (Universidad de Zaragoza), Tamara Flores (Universidade da Beira Interior), Carlos Xesús Varela Aenlle (Real Academia Galega), Héctor M. Silveiro Fernández (Real Academia Galega), José Ignacio Suárez García (Asociación Cultural Faceira), Eduardo Naharro Macías Machado (Além Guadiana), Antoni Mas i Miralles (Universitat d'Alacant).

- En primeiro lugar, o recoñecemento legal do aragonés na Lei de patrimonio cultural 3/1999 tense que facer extensivo á Lei de linguas 3/2013, que nun futuro terá que preparar as institucións para instaurar a cooficialidade do idioma a través do Estatuto de Autonomía (como garantía plena dos dereitos lingüísticos dos falantes). En segundo lugar, débese establecer unha zonificación oficial ampla que teña en conta a cidade de Zaragoza para garantir a aplicación de políticas lingüísticas no territorio onde se fala. En terceiro lugar, as institucións deben potenciar o uso oral e escrito da lingua a través de medios clave, como a radio e a televisión públicas, así como fomentar campañas de concienciación sobre o patrimonio lingüístico destinadas a desterrar os prexuízos lingüísticos da maioría castelanfalante de Aragón.
- No eido educativo é necesario garantir o dereito de aprender aragonés dentro do horario escolar e implantalo paulatinamente como lingua vehicular naqueles centros públicos que o soliciten. Neste mesmo sentido, débese profesionalizar o ensino de aragonés para adultos, realizado maioritariamente por asociacións e entidades sen ánimo de lucro. O ensino é a primeira prioridade para esta lingua debido aos altos índices de ruptura da transmisión interxeracional que a ameazan.
- O fomento da investigación e da relación con outras comunidades lingüísticas minorizadas son outras dúas claves nas que profundar para chegar ao obxectivo do cumprimento da Carta.
- É mester xerar consensos sociais e políticos que lles permitan ás institucións actuar de forma constante e decidida para garantir os dereitos dos falantes e salvagardar este patrimonio inmaterial en perigo de desaparición.

ASTURIANO EN ASTURIAS

- Non hai respecto ás áreas do idioma nin se manteñen relacións institucionais con outros grupos.
- Non hai ningunha acción resolta de promoción do asturiano co obxectivo de salvalo, só medidas cosméticas de certa promoción de determinadas actividades culturais. Non se facilita, de ningún xeito, o uso oral / escrito do asturiano por parte dos cidadáns coa Administración, nin o uso transversal na mesma Administración.
- No ámbito educativo, a presenza é parcial e precaria. O asturiano está presente só como optativa en primaria e secundaria. Non está regulada a súa presenza nin en infantil nin nas escolas oficiais de idiomas, nin no ensino de adultos. Na universidade só está presente nun *minor*. Tampouco hai medios para a aprendizaxe do asturiano entre os non falantes; o labor neste campo vén de asociacións sociais.
- Hai exclusión no uso do asturiano na Administración. Trátase dunha administración pensada e concibida 100 % en castelán; o uso do asturiano «tolérase» só en condicións moi determinadas e tematizadas.
- A convivencia entre grupos lingüísticos é boa, aínda que as autoridades non fan nada para fomentala. Os medios públicos tamén non fan nada neste sentido.
- As autoridades públicas teñen unha receptividade baixa ou nula ás demandas da comunidade lingüística. Non existen órganos de mediación a nivel autonómico.
- Con este panorama, hai unhas prioridades urxentes:
 - O establecemento da igualdade xurídica para as persoas falantes de asturiano; isto é, a oficialidade. Só sendo lingua cooficial, a comunidade lingüística asturiana vai poder ter os mesmos dereitos ca os falantes de castelán en Asturias.
 - O establecemento dun sistema educativo que asegure o coñecemento do asturiano a todos os discentes ao rematar o período obrigatorio. Para iso, é fundamental o uso vehicular do idioma no ensino.
 - O establecemento duns medios de comunicación públicos 100 % en asturiano. Con, polo menos, unha canle de TV, unha radio e unha plataforma dixital que estean ao servizo da normalización lingüística.

- O uso transversal e sistemático do asturiano na Administración.
- Finalizar o proceso de oficialización da toponimia e aplicala sistematicamente en todos os soportes.
- Medidas especiais que favorezan a transmisión interxeracional (na escola, coa programación infantil na TV, nos ámbitos de socialización e lecer, etc.).

CALÓ (ROMANÓ)

- O caló ou romanó é un idioma mixto creado polos xitanos ou calei españois combinando un léxico derivado do romaní coa gramática de linguas maioritarias como o castelán, o catalán ou o éuscaro. A súa xeración seguramente foi paralela á erosión e desaparición das variedades completas de romaní faladas na Península Ibérica.
- Tecnicamente o caló é unha lingua pararromaní e non unha variante do romaní. Unha lingua non-territorial minoritaria. Na ratificación da Carta, diversos países con destacadas minorías romanís foron incluíndo de forma crecente o «romaní dos Sinti e romá alemán» (Alemaña, 1998), a «romani chib» (Suecia, 2000), o «romanés» (Finlandia), o idioma «romá» (Chequia, 2006), «romani» (Hungría, 2008) ou «romaní» (Romanía, 2008) como linguas que respectar, protexer e promocionar.
- Con todo, ningún Estado se referiu de forma específica ás variantes pararromanís como dignas de protección. ¿Que facer entón para protexer estas linguas, seguramente entre as máis agónicas e ameazadas de todas as que existen en Europa e que son usadas precisamente por grupos especialmente vulnerables e excluídos? ¿Incluílas dentro da protección e promoción da lingua romaní nalgunha das súas formas? ¿Tentar ligar a recuperación do hispanorromaní co crecente recoñecemento e expresión da vitalidade das variedades romanís na vida pública europea e nos medios de comunicación? ¿Ofrecer en centros académicos e medios de comunicación unha maior presenza destas linguas? ¿E na vida institucional?
- A propia Carta recomenda que se coñezan e atendan «as necesidades e os desexos expresados polos grupos que practiquen esas linguas» (artigo 7.5). Algúns órganos que poden «aconsellar ás autoridades» sobre estas cuestións xa existen tanto en España (Consejo Estatal del Pueblo Gitano, Instituto de Cultura Gitana) coma en Europa (European Academic Network on Romani Studies, European Roma Institute for Arts and Culture). ¿Debería avanzarse neste sentido, coñecendo mellor as realidades presentes e as posibilidades de recuperación, recoñecemento e expresión do hispanorromaní na comunicación pública e na educación?
- Na recuperación do hispanorromaní será imprescindible contar coa existencia de falantes nativos de romaní en España, así como coa enorme experiencia e competencia acumulada no estudo e promoción desta lingua en toda Europa, da que xa se comeza a ver reflexo en España, como o programa de iniciación de estudo de romaní en castelán. A Carta ofrece un claro soporte neste sentido, no seu artigo 7.1.i cando insta os Estados asinantes a favorecer «a promoción de formas apropiadas de intercambios transnacionais» para as linguas «minoritarias practicadas baixo unha forma idéntica ou próxima en dous ou varios Estados».

CATALÁN EN ARAGÓN

- Incorporar a denominación de catalán no Estatuto de Autonomía de Aragón no artigo 7, onde se fala das «linguas e modalidades lingüísticas» da rexión. Esta é a única maneira de dotar a lingua catalá dun recoñecemento e un prestixio social que nunca tivo. Isto evitaría, ademais, que quede ao arbitrio dos políticos a elección do nome da lingua falada na Franxa.
- Declarar a cooficialidade do catalán en Aragón. Esta medida faría posible idear unha política e unha planificación lingüísticas decididas, co fin de normalizar o uso do catalán na Franxa.
- Establecer unha escolarización en catalán nos centros educativos da Franxa, ou polo menos un ensino obrigatorio desta lingua cun número de horas de docencia idéntico ao do castelán ou o inglés. Desta

forma poderase fomentar realmente o uso oral e escrito do catalán en todos os ámbitos, ao tempo que se logra que as novas xeracións sexan competentes no uso do catalán nas catro destrezas comunicativas.

- Levar a cabo un profundo labor pedagóxico en relación coa realidade lingüística de Aragón, co fin de informar a toda a sociedade aragonesa de que na súa comunidade autónoma existe unha zona na que se fala catalán. Só así se poderá conseguir que paseniñamente os aragoneses tomen conciencia dun feito lingüístico innegable e mostren sensibilidade cara a el. Nesta tarefa débense implicar todas as institucións aragonesas, así como todos os centros de ensino (públicos e privados) e os medios de comunicación.

FALA EN ESTREMADURA

- Non existe recoñecemento estatutario da Fala. O único recoñecemento legal é unha declaración BIC do ano 2001.
- Ausencia total de información por parte da Junta de Extremadura. Este silencio é extensible a peticións de diversa índole tramitadas por concellos e asociacións a organismos públicos, no período 2014-2016, como Presidencia, Consejería de Educación y Cultura ou Consejería de Fomento, Vivienda, Ordenación del Territorio y Turismo.
- As informacións que aparecen no cuarto informe estatal son, todas elas, altamente cuestionables. A introdución no sistema educativo do programa «A Fala na escola» é inexistente: só se subvencionou un «Taller de Lengua», ao que lle foi retirada tal subvención ao ano seguinte a pesar de contar cun 100 % de inscritos. Respecto á creación do Museu da Fala, só foi rematada a reforma do edificio. Non existe ningunha programación nin consignación orzamentaria para as súas supostas funcións.
- Todas as iniciativas relacionadas co artigo 7 no período 2014-2017 foron levadas a cabo por asociacións culturais ou por particulares, sen apoio económico, loxístico ou humano. Contéplanse certas medidas no Plan de Acción do recente Parque Cultural Sierra de Gata (no programa educativo e no programa científico). Este parque conta co apoio institucional da Diputación de Cáceres.

GALEGO EN ASTURIAS

- Non existe unha protección real do galego de Asturias por parte do Goberno do Principado de Asturias. A Lei de Estatuto de Autonomía só contempla o «bable». A Lei de Uso e Promoción do Bable/Asturiano de 1998 fala dun réxime de protección, respecto, tutela... que se espallará ao galego/asturiano nas zonas nas que ten carácter de modalidade lingüística propia. Advírtase que esta lei só fala do asturiano como lingua propia de Asturias e nunca do galego, que só aparece como «modalidade» (non se sabe ben de cal lingua), e mais que se usa intencionadamente o glotónimo «fala», que non indica nada. Esas zonas lingüísticas non están definidas por parte do Goberno asturiano e, deste xeito, podemos atopar como se dan clases de lingua asturiana en territorio galegofalante —como en Verducedo (Allande) ou Luíña (Ibias)—, do mesmo xeito que a sinalética do Principado aparece en asturiano en lugares tan dispares como A Veiga, Valdebois (Ibias), El Valledor (Allande), por citar tan só uns poucos exemplos.
- Seguindo o artigo 7 da Carta, relativo ao fomento do galego de Asturias, na política de subvencións non é posible deslindar oficialmente a porcentaxe que vai para o asturiano e a que vai para o galego de Asturias. Por outra banda, os resultados non deixan de ser un mero lavado de cara á galería por parte do Goberno do Principado.
- O parágrafo 7.1.e é claramente violado polo Principado e da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA), ao non existir ningún tipo de relación institucional dos galegofalantes do Eo-Navia co resto dos territorios de lingua galega; cando se dan a nivel social ou cultural, son totalmente dinamitados polo Goberno, a ALLA e certas institucións asturianas.
- No punto 7.1.f, advírtase a inexistencia dunha política lingüística determinada para a comarca do Eo-Navia. A ALLA posúe unha Secretaría totalmente inoperante e logo existen unhas Oficinas de suposta Normalización Lingüística (Parque Histórico del Navia, Mancomunidad Ozcos-Eo), sen criterios uniformes nin científicos. No ensino a falta de material é palpable, sen unidades didácticas axeitadas,

copiadas do asturiano e ás veces do galego. Para dar clases precísase un cursiño de 40 ou 60 horas impartido pola ALLA segundo as fases e ser licenciado en Filoloxía preferentemente. A materia é optativa, compite con outras segundo os centros e non hai posibilidade de elixila en todos eles. Se seguimos ascendendo na oferta educativa, non existe ningún curso, materia nin grao de galego na Universidade de Uviéu, nin en Maxisterio, nin nas escolas oficiais de idiomas. Non existen programas en galego de Asturias na TPA (magnífica excepción de *Camín de Cantares*, por iniciativa particular do presentador Ambás), e en moitos programas prodúcese mesmo unha aculturización por parte do asturiano e do español realmente alarmante. Debería existir unha desconexión para o Eo-Navia, como se fai nalgúns programas da Televisión ORT de Navia. Tamén na RTPA se infrinxen os dereitos dos galegofalantes, pois son excepcións puntuais as intervencións en galego e sempre por iniciativas particulares ou de militancia lingüístico-cultural.

- A promoción de estudos e investigación é claramente insuficiente, moitas veces resultado tan só do altruísmo de asociacións e particulares. Non existe prensa nin revistas en galego de Asturias e os poucos libros subvencionados teñen que ser publicados obrigatoriamente coa normativa asturiana. Xa non falemos dos eidos institucionais (as webs do Principado non están nunca en galego), xudicial ou administrativo. Ás veces existen propostas que raramente se cumpren (Declaración da Veiga, solicitudes en San Martín de Ozcos e El Franco, etc.).
- Na cuestión da toponimia, existe unha Xunta Asesora de Toponimia del Principáu d' Asturias que marca as pautas dos topónimos tradicionais que se deben utilizar, pero sempre usando a grafía da lingua asturiana ou mesmo «oficializando» topónimos en español ou vulgarismos. Cabe pensar que, se o «galego-asturiano» non é oficial, ¿como poden ser oficiais estas formas toponímicas? Outro feito salientable é a suposta oficialización de topónimos conxuntos (Ría del Eo), coa que o Goberno do Principado está infrinxindo a oficialidade do topónimo Ría de Ribadeo referendada pola Comisión Xeográfica Nacional do Consello Superior Xeográfico, dependente do Ministerio de Fomento, do ano 2008.
- Pola parte galega, hai un claro desinterese pola cuestión. A Real Academia Galega (RAG) debería ter un maior compromiso co galego estremeiro, usando as armas legais que posúe. É inadmisíbel que para a avaliación da Carta sobre o galego de Asturias só estea no último informe (o IV, 2010-2013) a opinión da ALLA, tomada como única «institución científica de referencia...». A Xunta de Galicia declarou nos xornais que ía poñer unha Oficina para o galego estremeiro, mesmo o presidente Núñez Feijóo falou hai tempo da cooficialidade do galego de Asturias; e a RAG, da posta en marcha dun Seminario sobre o galego estremeiro: nunca máis se soubo da cuestión. Os medios xornalísticos seguen a usar a toponimia deturpada, de xeito grave na TVG e na RG; esta mesmo recibiu peticións de asociacións culturais da zona, mais négase á transmisión ou faino cun resultado totalmente acientífico (*Alalá, Luar*). Estes medios deberían incluír nos mapas do tempo as comarcas estremeiras como un feito de base cultural-lingüística clara e non política.
- É fundamental un maior entendemento entre os gobernos asturiano e galego en materia lingüística sobre o galego de Asturias, xa que Galicia parte dunha situación mellor en canto a materiais, normalización, etc., que inexplicablemente son rexeitados pola parte asturiana. E, por outra banda, cumpriría unha maior implicación dos organismos institucionais galegos, como a RAG, o Consello da Cultura Galega (máis proxectos ou publicacións sobre a comarca), as universidades galegas (a excepción sería a de Vigo e iniciativas particulares de membros da USC), a Xunta de Galicia, o Museo do Pobo Galego, o Arquivo do Reino de Galicia, as bibliotecas, etc. E a precisa introdución do galego na Universidade de Uviéu, en Maxisterio e nas escolas oficiais de idiomas, e mais unha delegación da TVG e RG para a comarca.

GALEGO EN CASTELA E LEÓN

- Pola importancia que hoxe ten a educación para calquera lingua e o seu futuro, temos que advertir que a aplicación da LOMCE provoca problemas tanto nos territorios de lingua oficial como, especialmente, naqueles onde hai unha lingua non oficial (por exemplo, o galego en Castela e León). Os problemas son graves á hora de manter o Programa de Promoción do Galego no Bierzo, con oferta educativa íntegra e en pé de igualdade con outras optativas; concúlcanse así os dereitos lingüísticos destes falantes e

incúmprese as indicacións da Carta. Instamos a realizar unha revisión para a mellora e ampliación do Programa de Promoción do Galego que se está a aplicar nesta Comunidade.

- Nos territorios en que se fala unha lingua que non é oficial e que leva sufrindo durante décadas a perda de falantes (caso do galego en Castela e León), é necesario incorporar con carácter de urxencia iniciativas de promoción lingüística planificadas, que vaian máis aló do eido educativo, seguindo as recomendacións da Carta, e que tendan cara á oficialidade. Cómpre frear ese descenso, preservando espazos tradicionais de uso e abrindo á vez novos espazos máis aló do eido educativo, que por si só non é capaz de salvagardar a riqueza cultural existente hoxe en día.

LEONÉS EN CASTELA E LEÓN

- Aínda que o leonés ten un importante recoñecemento no Estatuto de Autonomía dende 2007, as institucións de Castela e León non adoptaron medidas para a protección deste idioma, nin se ditou lei ningunha para a súa conservación, uso e promoción.
- O IV informe do Comité de Expertos recalca a nula promoción do leonés polas autoridades competentes e, ademais, lamenta que nin Castela e León nin o Estado español, garante último da aplicación do tratado, proporcionasen a información que se ten que transmitir cada tres anos para poder facer unha valoración do grao de cumprimento da Carta. O Consello de Europa convidou outra vez a que se tomasen medidas concretas e prácticas para facilitar e promover o uso do leonés na vida pública, así como a súa inclusión nos plans de estudo da comunidade autónoma.
- Polo sinalado, as propostas e prioridades máis urxentes para salvagardar o leonés son as seguintes:
 - Desenvolvemento legal dos artigos 5.2 e 5.3 do Estatuto de Autonomía de Castela e León, en consonancia cos obxectivos e principios que establece o artigo 7 da Carta, de tal xeito que leonés e galego teñan idéntico tratamento normativo e práctico, atendendo sempre ás singulares situacións sociolingüísticas de ambas as linguas na comunidade autónoma.
 - Creación dun órgano administrativo autonómico encargado dos labores de protección e promoción do leonés e do galego, a fin de fixar unha política de defensa de ambas as linguas coordinada, coherente, eficaz e con continuidade.
 - Promoción do leonés a partir do respecto ás variedades constitutivas da lingua e implicando os falantes patrimoniais e os habitantes das zonas onde se conserva no labor de recuperación lingüística, con campañas de recoñecemento, divulgación, revalorización e concienciación do patrimonio lingüístico, estimulando o contacto cultural dos falantes de leonés con outras zonas que teñan tamén esta lingua como patrimonial, aínda que estean fóra dos límites administrativos de Castela e León.
 - Introducción do ensino do leonés dentro do sistema educativo de Castela e León, con carácter prioritario nas zonas onde a lingua se conserva e, de acordo coa demanda social, no resto das zonas. En todo caso, o ensino do leonés tería que estar presente na educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.
 - Recuperación da toponimia autóctona, facendo en primeiro lugar un inventario dos topónimos tradicionais maiores e menores, para posteriormente incluílos nos nomenclátors xeográficos e na rotulación.
 - En política cultural, apoio á creación cultural e literaria en leonés; colaboración coas organizacións que, dende dentro da Comunidade Autónoma, dedican o seu labor á promoción do estudo e recuperación do leonés; fomento da presenza desta lingua nos medios de comunicación social e impulso aos estudos e investigacións sobre o leonés.

PORTUGUÉS EN ESTREMADURA

- Sensibilización e concienciación da cidadanía do valor lingüístico e cultural do portugués. Ese traballo debe servir para avanzar na creación dunha sociedade que acepte como riqueza a súa singularidade.

- Creación dun banco de datos do portugués oliventino usando medios tecnolóxicos.
- Valorización do portugués oliventino con fins didácticos, educativos e culturais (elementos interpretativos, publicacións de contos populares, actividades interxeracionais cos anciáns e as escolas, premios literarios, etc.).
- Cómpre impulsar un Plan Estratéxico específico do portugués que camiñe cara a un bilingüismo real, en todos os ámbitos (escolas, cidadanía, institucións, etc.). O ideal é que as institucións pertinentes se conciencien de que a lingua portuguesa en Olivença non é unha lingua estranxeira senón unha lingua familiar con presenza histórica ben documentada; é dicir, cómpre combinar un plan específico para a comunidade educativa de Olivença con outro para a cidadanía. Este plan debe ser progresivo. Para pólo en marcha débese comezar por considerar a opción dunha disciplina avaliable en todos os centros que sexa ensinada, polo menos, co mesmo número de horas semanais que outra disciplina do mesmo nivel.
- A Asociación Cultural Além Guadiana propón ademais estudar a posibilidade de instaurar un intercambio dun ano lectivo completo co alumnado da veciña localidade de Elvas, que afectaría á vida escolar do alumno desde que finaliza a primaria e frecuenta a secundaria. Isto serviría tanto para reforzar os aspectos lingüísticos coma para propiciar certa inmersión no contexto cultural, histórico e cotián, alicerzando os vínculos entre familiares e entre veciños que tanto partillan. Tamén para o profesorado sería unha boa medida para enriquecer os seus coñecementos.
- Debido á nosa experiencia e con resultados positivos polas accións realizadas ata agora, Além Guadiana ofrécese como interlocutor para as posibles xestións que sexan necesarias entre as institucións a ambas as beiras do Guadiana.
- Ademais ponderamos que o Concello de Olivença, a través da Aula de Língua e Cultura Portuguesa da Universidade Popular, pode axudar a comunidade educativa con actividades culturais, que poden estar dirixidas á aproximación do contexto oliventino no ámbito da lusofonía.
- No que respecta á cidadanía e nese sentido, o Concello e a Universidade Popular deben desempeñar un papel fundamental no ensino do portugués a todas aquelas persoas que non poden acceder ao ensino obrigatorio.
- A Asociación Cultural Além Guadiana reconece que as institucións realizaron accións e actividades, porén considera que son insuficientes. Por iso, entende que non se está a cumprir o artigo 7 da Carta.

VALENCIANO EN MURCIA

- As 9 persoas que cursan educación primaria na única escola unitaria situada na Cañada de Trigo (Yecla) non reciben ensino de valenciano. A pesar diso, continúanse as xestións coas autoridades murcianas para conseguir este obxectivo.
- Fóra do ensino regrado, a Universidade Popular de Yecla ofrece actualmente dous cursos de valenciano (B2 e C1) para a poboación en xeral. Estes cursos están subvencionados pola Acadèmia Valenciana de la Llengua a partir dun convenio co Concello de Yecla.
- Esta Acadèmia publicou en abril de 2017 un folleto que recolle toda a toponimia da zona do Carxe.
- Hai que resaltar as xestións realizadas por Anxo Navarro Sánchez por medio de publicacións ou propostas ao Goberno autonómico para que teña en consideración a declaración do valenciano na zona do Carxe como BIC inmaterial e a incorporación desta lingua no texto estatutario de Murcia.
- Grazas ás responsabilidades transfronteirizas entre comunidades que comparten unha mesma lingua, tal e como defende a Carta, a Generalitat Valenciana, por medio da Orde 65/2016, do 18 de outubro, inclúe por primeira vez nun texto xurídico a denominación do Carxe e a posibilidade de recibir subvencións para o fomento do valenciano.

- Con base nesta Orde, a Generalitat Valenciana financiará ao longo de 2017 algunhas actividades e concertos realizados en valenciano.
- A partir desta situación recoméndanse as medidas seguintes:
 - Ofrecer ensino de valenciano ao alumnado do Carxe.
 - Seguir mantendo a colaboración entre o Concello de Yecla e a Acadèmia Valenciana de la Llengua para ofrecer os cursos de valenciano.
 - Suxerir aos outros dous concellos do Carxe —Jumilla e Abanilla— para que, xunto coa colaboración da Acadèmia Valenciana de la Llengua, se poidan ofertar cursos de valenciano nas respectivas localidades.
 - Que as autoridades autonómicas murcianas declaren o valenciano no Carxe como BIC inmaterial, xa que dispoñen de recursos xurídicos para iso.
 - Así mesmo, que introduzan no texto do Estatuto autonómico o recoñecemento do valenciano falado en parte da súa rexión.
 - Que os gobernos autonómicos murciano e valenciano establezan relacións para manter as axudas e subvencións ao fomento do valenciano no Carxe.